



AMPLIACIÓN DE PRAZO DE SOLICITUDES : IV EDICIÓN DE “CÓNTAME A TÚA INVESTIGACIÓN!” E IV CONVOCATORIA “DIVULGANDO O NOSO”

A Universidade da Coruña, por medio da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, realizou a finais do ano pasado as seguintes convocatorias:

- IV edición do Certame de vídeos divulgativos Cántame a túa investigación!, coa finalidade de promover entre o seu alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia. O prazo de presentación remataba o 12 de febreiro (data de publicación: 20/11/2025). Máis información, no seguinte enlace: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/012177.
- IV Convocatoria "Divulgando o noso", co obxecto de colaborar cos investigadores para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas. O prazo de presentación remataba o 17 de febreiro (data de publicación: 18/12/2025). Máis información, no seguinte enlace: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/013519

A través deste anuncio **amplíase o prazo de presentación de solicitudes**, para ambas convocatorias, **ata o 4 de marzo de 2026**.

As solicitudes dirixiranse á Sección de Extensión Universitaria e presentaranse, preferentemente, no seguinte enlace do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou en calquera dos rexistros auxiliares da UDC. Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nos enlaces de cada convocatoria atoparedes os anexos e/ou as indicacións a seguir para a presentación de solicitudes de participación en cada caso.

Asinado dixitalmente na Coruña

M.^a Cristina Naya Riveiro
Vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte